



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA BIOLOGÍA E XEOLOXÍA



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	2
2. PROGRAMA DE ACOLLIDA CURSO 2022-2023	9
3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	10
4. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA	13
5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRADO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E PROCEDEMENTO DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	15
6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA	102
7. TEMPORALIZACIÓN	107
8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	107
9. AVALIACIÓN	108
10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	117
11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	119
12. PROCEDEMENTO PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR BIOLOXÍA E/OU XEOLOXÍA DE 2º DE BACHARELATO	121
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	122
14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES	126
15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	128
16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA	129
17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR	130
18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC	130
19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	132
20. PROCEDEMENTO DE INFORMACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO	134
21. ANEXOS	134

## **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

### **1.1. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

Resulta imposible comprender a evolución das sociedades humanas e das culturas desenvolvidas ao longo do tempo sen coñecer e valorar a importancia das Ciencias da Natureza. A mellora das condicións de vida e o progreso da civilización humana están directamente ligados ao coñecemento científico. Por todo isto a educación científica ten un papel relevante no currículo do noso sistema educativo.

Na actualidade o coñecemento científico resulta transcendental na nosa sociedade, mellorando en xeral a calidade de vida das persoas, pero con frecuencia a maneira en que debe facelo está sometida a un intenso debate social, pois en ocasións os avances científicos poden supoñer unha ameaza para o medio ambiente ou incluso para a dignidade das persoas. Resulta polo tanto conveniente que a formación achegue ao alumnado os contidos esenciais para poder participar dun xeito libre e non condicionado, na toma de decisións que teñen que ver cos avances científicos.

A formación nas Ciencias da Natureza é un elemento moi importante na construción do coñecemento individual sobre o universo, a natureza e a propia persoa. Ademais, permite formar e consolidar valores e actitudes como o recoñecemento dunha igualdade esencial entre todas as persoas, compatible coa diversidade humana e co respecto pola natureza e os seres vivos.

Dende o ensino da área das Ciencias Naturais é preciso polo tanto fomentar o pensamento crítico no alumnado e un estilo de vida saudable, tolerante e respectuoso coas opinións alleas, pero con capacidade de defender as propias.

### **1.2. AS MATERIAS DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA NA LEI DE EDUCACIÓN**

A materia de Bioloxía e Xeoloxía debe contribuír durante a Educación Secundaria Obrigatoria a que o alumnado adquira uns coñecementos e destrezas básicas que lle posibilite adquirir unha cultura científica; que lles permita identificarse como axentes activos, e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu medio.

Durante esta etapa perséguese asentar os coñecementos xa adquiridos, para ir construíndo curso a curso coñecementos e destrezas que permitan a alumnos e alumnas ser cidadáns respectuosos consigo mesmos, cos demais e co medio, responsables, capaces de ter criterios propios e con interese por aprender.

O eixe articular da materia xirará arredor dos seres vivos e a súa interacción coa Terra, incidindo especialmente na importancia que a conservación do ambiente ten para todos os seres vivos.

Tamén durante a ESO, a materia ten como núcleo central a saúde e a súa promoción. O principal

obxectivo é que o alumnado adquira as capacidades e competencias que lles permita coidar o seu corpo tanto a nivel físico como mental, así como valorar e ter unha actuación crítica ante a información e ante actitudes sociais que poidan repercutir negativamente no seu desenvolvemento físico, social e psicolóxico; preténdese tamén que entendan e valoren a importancia de preservar o medio ambiente polas repercusións que ten sobre a súa saúde; así mesmo, deben aprender a ser responsables das súas decisións diarias e as consecuencias que as mesmas teñen na súa saúde e na contorna que os rodea, e a comprender o valor que a investigación ten nos avances médicos e no impacto da calidade de vida das persoas.

Ao finalizar a etapa, o alumnado deberá adquirir os coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual afianzaranse durante esta etapa; igualmente o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e á análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se suscitan, así como utilizar o material de laboratorio e coñecer as normas básicas de seguridade no mesmo.

En 1º de Bacharelato, a materia de Bioloxía e Xeoloxía profunda nos coñecementos adquiridos na ESO, analizando con maior detalle a organización dos seres vivos, a súa biodiversidade, a súa distribución e os factores que nela inflúen, así como o comportamento da Terra como un planeta en continua actividade.

En 2º de Bacharelato a materia de bioloxía profunda nos compoñentes básicos da vida e no seu funcionamento a distintos niveis de organización: bioelementos e biomoléculas, estruturas celulares e metabolismo celular e reprodución celular. Nesta materia estudase tamén o soporte físico da información xenética que determina as características principais dos distintos individuos e especies, a súa herdanza e o seu cambio ao longo do tempo e das xeracións e a utilización de todos estes coñecementos en beneficio da humanidade a través da biotecnoloxía. Ademais, nesta materia danse a coñecer tamén os distintos microorganismos que existen e como estes, ademais de xerarnos unha serie de beneficios, tamén nos poden producir enfermidades. Finalmente, abórdase o estudo da resposta inmunitaria e as súas alteracións.

En todo o Bacharelato as materias de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato, Bioloxía de 2º de Bacharelato e Ciencias da Terra e do Medio Ambiente de 2º de Bacharelato permitirán que alumnos e alumnas consoliden os coñecementos e destrezas que lles permitan ser cidadáns e cidadás con respecto por si mesmos, cos demais e co medio, co material que utilizan ou que está ao seu dispor, responsables, capaces de ter criterios propios e de manter o interese por descubrir.

Cómpre engadir que, se ben a materia ten representación en todos os niveis (agás en 2º de ESO), non se reflectirá como tal nesta programación, posto que só abranguerá aos cursos pares (as restantes realizaranse na aplicación informática correspondente).

### 1.3. MARCO LEGAL

A programación elabórase de acordo co establecido coa Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 2 de xuño de 2022). Axústase ás directrices xerais establecidas pola CCP do centro.

Para a realización desta programación, tívose en conta a seguinte lexislación:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora de la calidade educativa (LOMCE).
- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 562/2017, de 2 de junio, por el que se regulan las condiciones para la obtención de los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller, de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto-Ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa (BOE 3/06/2017).
- Resolución do 9 xuño da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. • Real Decreto 310/2016 de 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais da ESO e o bacharelato.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 21/12/2011).
- Orde ECD/1941/2016, do 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación do bacharelato para o acceso á universidade.
- Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), e a propia Lei 4/2011.
- Orden de 28 de agosto de 1995 por la que se regula el procedimiento para garantizar el derecho de los alumnos de Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato a que su rendimiento

escolar sea evaluado conforme a criterios objetivos. (Apartado sexto, puntos 1 e 2; BOE 20/09/1995).

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. (BOE, 25, 29/01/2015).
- Real Decreto 310/2016 de 29 de xullo polo que se regulan as avaliación finais da ESO e o Bacharelato (BOE 30 de xullo).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG 21/07/2015).
- Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG 4/08/2016).
- Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG 18/08/2017).
- Instrucións do 26 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2022/2023, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

#### 1.4. CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación está referida ao Instituto de Ensinanza Secundaria IES Armando Cotarelo Valledor, situado no Val do Salnés, na parroquia de Sobradelo na periferia de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), a 2 km do centro urbano, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán. Os estudantes que se incorporan a 1º da ESO son os correspondentes aos centros adscritos, o CEIP Vilaxoán, CEIP Plurilingüe de Rubiáns e CEIP Piñeiriño, aínda que tamén se acollen alumnos/as doutros centros da zona.

A maioría do alumnado procede dunha estrutura socioeconómica e cultural media-baixa.

As principais actividades económicas do entorno son:

- Agricultura, pesca e marisqueo.
- Hostalaría.
- Acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras).
- Comercio, actividades industriais e outras.

Algúns problemas que non podemos obviar como centro de ensino son os seguintes:

- A taxa de desemprego existente na comarca e o escaso tecido industrial.
- A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral (o que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte de desmotivación).
- O escaso hábito de estudo e mesmo de lectura de moito do alumnado.

Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, exprésase en castelán, aínda que no entorno familiar a lingua máis empregada é o galego.

Existe tamén un pequeno grupo de alumnado inmigrante que se incorporou ao Centro nos últimos anos; estes estudantes, se ben en xeral, non teñen problemas idiomáticos, presentan dificultades para superar a etapa da ESO polas grandes diferenzas a nivel curricular. Constátase tamén, a presenza de alumnado, de etnias desfavorecidas, con moito desaxuste curricular. Se ben estes alumnos/as reciben unha atención personalizada, o resultado non é, en xeral, satisfactorio pola falta de motivación que posúen eles e as súas familias de procedencia.

No caso do Bacharelato, o 80% está constituído polo alumnado que xa cursou a ESO non Centro, e un 20% é de nova incorporación. A procedencia fundamental é de Centros concertados da zona. Este alumnado, en xeral, intégrase moi ben cos que xa pertencían ao Centro e aportan unha maior diversidade ao bacharelato, favorecendo o establecemento de novas relacións entre eles.

As características e necesidades do alumnado do noso Centro son de moi diferente tipoloxía. Dende o alumnado que descoñece a lingua galega, alumnado cun baixo nivel curricular, alumnado con problemas de conduta, alumnado con dificultades de aprendizaxe, alumnado de etnias desfavorecidas, alumnado con NEE, ata o alumnado que segue o ritmo normal da clase.

O alumnado que presenta NEE e alto, coas dificultades que isto supón para darlle toda a atención que precisan, dentro de grupos cun número alto de alumnos/as.

En aras de atender a toda a diversidade do alumnado e ritmos de aprendizaxe, o Departamento de Biología e Xeoloxía, en coordinación co Departamento de Orientación e co Profesorado de Pedagogía Terapéutica, adopta medidas de atención individualizada, coma:

- Reforzo educativo ordinario.
- Adaptación Curricular Significativa (ACS).
- Aplicación de protocolo TDAH (Trastorno de Déficit de Atención por Hiperactividade).
- Aplicación de protocolo TEA (Trastorno de Espectro Autista).
- Protocolo de tratamento educativo de alumnado con discapacidade auditiva
- Protocolo de tratamento educativo de alumnado con Síndrome de Down.

ENSINANZAS QUE OFERTA O CENTRO:

- Educación secundaria obrigatoria (ESO), Educación secundaria para adultos (ESA).
- Ensinanzas básicas iniciais.
- Bacharelatos: Ciencias e Humanidades e ciencias sociais, en réxime ordinario e de adultos
- Ciclos formativos de Grao Medio: Actividades comerciais, Sistemas microinformáticos e redes, Xestión administrativa.
- Ciclos formativos de Grao Superior: Administración de sistemas informáticos en rede, Administración e finanzas, Asistencia á dirección, Comercio internacional, Xestión de vendas e espazos comerciais, Márketing e publicidade
- FP básica de Informática.
- Cursos de Aula MENTOR (Formación Permanente a Distancia).

**1.5. DATOS DO DEPARTAMENTO**

Materias impartidas no curso 2020-21 polo departamento:

QUENDA DIURNO			
MATERIA/ÁMBITO	CURSO	GRUPOS	Nº HORAS
Bioloxía e Xeoloxía	1º ESO	A,B,C, D	4 + 4 + 4+ 4 = 16
Ámbito científico e Matemático	2º ESO	PMAR	8
Bioloxía e Xeoloxía	3º ESO	A,B,C, D	2 + 2 +2+2 = 8
Ámbito Científico e Matemático	3º ESO	PDC II	8
Bioloxía e Xeoloxía	4º ESO	A e B	3 + 3+ 3 = 9
Cultura científica	4º ESO	A	3
Bioloxía e Xeoloxía	1º Bacharelato	A	4
Anatomía Aplicada	1º Bacharelato	A	3
Bioloxía	2º Bacharelato	A e B	4+4=8
Ciencias da Terra e Ambientais	2º Bacharelato	A+C e B+D	3+3= 6
Ciencias Aplicadas (Apoio)	1º FP Básica	Informática	2
Ciencias Aplicadas	2º FP Básica	Informática	8
Titoría	3º ESO	B	1
Titoría	3º ESO	PDC II	1
Laboratorio	1º ESO	A, B, C, D	1+1+1+1=4



Laboratorio	2º Bacharelato	A e B	1+1=2
Reforzo Matemáticas	1º ESO	A, B, C, D	1+ 1+1+1=4

QUENDA NOCTURNO			
MATERIA/ÁMBITO	CURSO	GRUPOS	Nº HORAS
Biología e Xeoloxía	1º BACH	A	4
Cultura Científica	1º BACH	A	2
Biología	2º BACH	A	4
Ciencias da Terra	2º BACH	A	3
ESA- física e química	3º ESO	A	2

Membros do departamento e materias impartidas

Profesor	Quenda	Materia	Curso	Grupo	Nº Horas	Horas totais
Mª Luz Flores Gregorio	Diúrno	Biología e Xeoloxía	4º ESO	A, B, C	9	20
		Anatomía Aplicada	1º BACH	A	3	
		Ciencias da Terra	2º BACH	A+C	3	
		Laboratorio	1º ESO	C, D	2	
		Laboratorio	2º BACH	A, B	2	
Beatriz Pazos Gómez	Diúrno	Biología e Xeoloxía	1º ESO	A, B, C,D	16	20
		Reforzo matemáticas	1º ESO	A, B, C,D	4	
Raquel Honrubia Pérez	Diúrno	Biología	2º BACH	A, B	8	20
		Biología e Xeoloxía	1º BACH	A	4	
		Xeoloxía	2º BACH	A e B	4	
		Laboratorio	1º ESO	A, B	2	
		Xefatura Dpto			2	
	Diúrno	Ámbito Científico e Matemático	2º ESO	PMAR	8	

Laura Cabo Domínguez		Ámbito Científico e Matemático	3º ESO	PDC II	8	20
		Cultura Científica	4º ESO	A	3	
		Titoría	3º ESO	PDC II	1	
Rebeca Dieguez González	Diúrno	Ciencias Aplicadas	2º FPB	Informática	8	22
		Ciencias Aplicadas (apoio)	1º FPB	Informática	2	
		Bioloxía e Xeoloxía	3º ESO	A, B, C, D	8	
		Titoría	3º ESO	B	1	
		Ciencias da Terra	2º BACH	B+D	3	
Ángeles Naveiro Blanco	Nocturno	Bioloxía e Xeoloxía	1º BACH	A	4	18
		Cultura Científica	1º BACH	A	2	
		Bioloxía	2º BACH	A	4	
		Ciencias da Terra	2º BACH	A	3	
		Física e química	ESA	3º	4	
		Reforzo- Pendientes			1	

## 2. PROGRAMA DE ACOLLIDA CURSO 2022-2023

O Departamento en todas as materias que se impartan durante o presente curso, organizará e desenvolverá durante as primeiras semanas do curso actividades globalizadas que informen, dos seguintes aspectos:

- Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- Información sobre as actuacións de prevención, hixiene e protección, así como a calquera dúbida que o alumnado poida ter sobre a infección por SARS- CoV-2 e as vacinas para a inmunización contra a COVID.
- Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

- e) Prestarase especial atención a que, os coñecementos que teña o noso alumnado sobre a COVID-19, sexan correctos, evitando e desmontando falsas crezas que os levarían en moitos casos a unha mala protección fronte a infección e a correr riscos innecesarios, tanto eles como as súas familias.

### 3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O alumnado debe adquirir unha serie de competencias que lles permita saber cando e como aplicar os coñecementos adquiridos.

A Unión Europea estableceu unha serie de competencias que se consideran clave para a aplicación dos saberes adquiridos. Estas competencias clave foron adaptadas á realidade galega baixo o marco do Decreto 86/2015 que as define no seu artigo 3 como *“capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”*.

Na Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, enuméranse e descríbense as competencias clave e indícase que deben vincularse aos obxectivos e que a selección dos contidos e das metodoloxías teñen que asegurar o seu desenvolvemento en toda a vida académica. Establécese que para facilitar a valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado, cada estándar de aprendizaxe debe relacionarse cunha serie de competencias clave. Así, o conxunto de estándares de aprendizaxe dunha determinada área nos dá o seu perfil ,podendo concluír que a área que nos ocupa contribuirá de forma moi significativa ao desenvolvemento da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

As competencias clave que veñen recollidas na Orde ECD/65/2015 son:

#### 1. **Comunicación lingüística (CCL).**

A comunicación, nos ámbitos da comprensión e expresión, tanto oral como escrita, constitúe un eixe fundamental no proceso de ensino e aprendizaxe do coñecemento científico. Así, nesta área trátase de desenvolver a capacidade de comprensión cando se fan lecturas de textos científicos e o alumnado aprende a diferenciarlos doutros que non son científicos, cando se contrastan materiais escritos e audiovisuais de diferentes fontes, tanto descritivos como argumentativos, nun proceso que pasa pola identificación dos conceptos e ideas principais, a interpretación do papel que desempeñan segundo o contexto e as relacións que se establecen entre eles.

Na resolución de problemas débese estimular a lectura comprensiva a través d, dos conceptos que aparecen e das relacións que se establecen entre conceptos e datos.

No ensino da área a expresión oral e escrita busca a coherencia e precisión no uso da linguaxe, tanto no nivel descritivo como no interpretativo. Trabállase a expresión cando se emiten hipóteses,

contrástanse ideas, acláranse significados sobre conceptos ou procesos científicos en contextos diferentes, realízanse sínteses, elabóranse mapas conceptuais, extráense conclusións, realízanse informes ou organízanse debates onde se fomenten actitudes que favorezan a mellora na expresión oral e escrita, a confianza para expresarse en público, o saber escoitar, o contrastar opinións e ter en conta as ideas dos demais.

## **2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).**

Contribúe esta área ao desenvolvemento da competencia matemática, en ciencia e tecnoloxía, dado que o coñecemento científico se cuantifica grazas á linguaxe matemática. O emprego de números, símbolos, operacións e relacións entre eles forman parte da metodoloxía científica e constitúen unha base importante para a comprensión de leis e principios.

Na realización de investigacións sinxelas, traballos prácticos ou resolucións de problemas desenvólvense capacidades para identificar e manexar variables, para organizar e representar datos obtidos de maneira experimental, para a interpretación gráfica das relacións entre eles, para realizar operacións con números e símbolos, para atopar as solucións correctas, para cuantificar as leis e principios científicos e para utilizar estratexias básicas na resolución. Nas ciencias da natureza emprégase o razoamento matemático como apoio cara unha mellor comprensión das relacións entre conceptos. A competencia en ciencia e tecnoloxía recae de xeito importante sobre esta área na cal o alumnado aprende os conceptos básicos que lle permitan a análise, da materia, dos seres vivos, dos fenómenos naturais, das súas transformacións, dos seus efectos sobre o ambiente e a saúde, dos cambios e dos obxectos tecnolóxicos.

## **3. Competencia dixital (CD).**

A área de ciencias da natureza contribúe á competencia dixital, xa que se traballan habilidades para identificar, contextualizar, relacionar e sintetizar a información procedente de diferentes fontes e presentala en diversas linguaxes propias das tecnoloxías da información e comunicación, como os buscadores pola internet, documentos dixitais, foros, chats, mensaxería, xornais dixitais, revistas divulgativas na web, presentacións electrónicas e simulacións interactivas. Cando se traballa a crítica reflexiva sobre as informacións de tipo científico que achegan as tecnoloxías da información e a comunicación, foméntanse actitudes favorables ao emprego delas evitando o seu emprego indiscriminado.

Cando se apoia a aprendizaxe de modelos teóricos por medio de simulacións, cando se traballan representacións de datos por medio de programas informáticos, cando se realizan experiencias virtuais para contrastalas coas reais, cando se representan estruturas moleculares, atómicas, anatómicas, xeolóxicas, situacións problemáticas coa axuda dos ordenadores, estase a contribuír á competencia dixital.

## **4. Aprender a aprender (CAA).**

O desenvolvemento da competencia de aprender a aprender desde os ámbitos científico e tecnolóxico, nun mundo en continuo e acelerado cambio, implica espertar inquedanzas e motivacións cara á aprendizaxe permanente. Cando afloran as ideas previas do alumnado sobre os contidos científicos, favorécese esta competencia xa que se está a promover que as alumnas e os alumnos sexan conscientes do seus propios coñecementos e limitacións. Pódese empregar a historia da ciencia para que os estudantes non caian no desánimo de estar case sempre errados nas súas concepcións, cando ata os máis grandes científicos experimentaron erros e resistencias ás novas ideas.

### **5. Competencias sociais e cívicas (CSC).**

En relación coa competencia social e cívica, esta área trata de dotar ao alumnado das habilidades necesarias para comprender a problemática actual en relación coa súa persoa, co resto da sociedade e co planeta. A aproximación do currículo á situación concreta na cal se vive facilita a participación activa do alumnado en actividades que impliquen esa cidadanía responsable.

As ciencias da natureza contribúen a coñecer e aceptar o funcionamento do corpo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e ser críticos cos hábitos sociais pouco saudables e a contribuír á conservación e mellora do ambiente.

Os debates históricos sobre as diferentes concepcións dos fenómenos que afectan as persoas serven para traballar habilidades sociais relacionadas coa participación, cooperación e empatía; aceptar diferenzas, respectar os valores, crenzas e incluso a diversidade de culturas.

### **6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

A competencia de iniciativa e espírito emprendedor desenvólvese dende esta área de moitas e diferentes maneiras destacando a realización de actividades e proxectos de investigación con participación activa dos estudantes onde teñen que tomar diferentes iniciativas propias e amosar creatividade.

### **7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

A contribución da área á conciencia e expresións culturais reflíctese na expresión das ideas, conceptos e principios das ciencias da natureza empregando, de xeito creativo, diferentes códigos artísticos para representar fenómenos ou situacións dun xeito comprensible.

Desde a área de ciencias contribúese a desenvolver esta competencia cando se promove a presentación das ideas ou traballos en formatos diversos, onde se lles deixa ás alumnas e aos alumnos a liberdade de elixir os ditos formatos estéticos e artísticos, cando se utilizan os museos de ciencias para espallar os xeitos de pensar ou facer doutras culturas, ou nas exposicións relacionadas co ámbito científico, como medio de coñecer, comprender e gozar do coñecemento científico.

#### 4. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

##### 4.1. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

O artigo 26 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño indica; que a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### **4.2. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO**

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

**5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E PROCEDEMENTO DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**



### 5.1. ÁMBITO CIENTÍFICO- MATEMÁTICO 2º ESO

Abordaranse os seguintes bloques de contidos:

- Bloque 1: A actividade científica
- Bloque 2: A materia
- Bloque 3: Os cambios
- Bloque 4: O movemento e as forzas
- Bloque 5: Enerxía
- Bloque 6: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas
- Bloque 7: Números e álgebra
- Bloque 8: Xeometría
- Bloque 9: Funcións
- Bloque 10: Estatística e probabilidade

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	CC	Temporalización			Procedementos e instrumentos de avaliación
						T1	T2	T3	
<b>BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>									
f h	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos. FQB1.1.2. Registra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns Registra observacións e datos de xeito riguroso e ordenado	CAA CCL CMCC T	X	X	X	Traballos de investigación Probas escritas
f m	B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.	B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con alguna aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	Analiza a influencia da ciencia na vida cotiá	CCEC CMCC T	X	X	X	
b f	B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.	B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados. FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados	CMCC T CSIEE	X	X	X	
f	B1.5. Traballo no laboratorio	B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado. FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado. Identifica material básico de laboratorio e respecta as normas de seguridade asociadas ao seu uso	CMCC T	X	X	X	Traballos de investigación Probas escritas
e f h i	B1.6. Procura e tratamento de información. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas tamén de forma guiada	CMCC T CAA CCL CSC CD	X	X	X	

			FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.	Identifica coa axuda dunha guía as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información					
b e f g h i	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. B1.5. Traballo no laboratorio. B1.6. Proxecto de investigación.	B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	Realiza de forma guiada pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico.	CAA CCEC CCL CD CMCC T CSIEE CSC	X	X	X	
			FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.					
<b>BLOQUE 2. A MATERIA</b>									
b f	B2.1. Propiedades da materia. B2.2. Aplicacións dos materiais	B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	Distingue entre propiedades xerais e propiedades e características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	CMCC T	X			
			FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	Realiza coa axuda dun guión a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, e calcula a súa densidade.					
b f	B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.	B2.3. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular.	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	CMCC T	X			Probas escritas Actividades de laboratorio Caderno de aula
			FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.					
			FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.					
			FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.	Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.					
f	B2.4. Leis dos gases.	B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular.	Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns exemplificadas con anterioridade, en relación co modelo cinético-molecular.	CMCC T CAA	X			
			FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume	Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o					

			e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	modelo cinético-molecular e as leis dos gases.					
f	B2.5. Substancias puras e mesturas. B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.	B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides. FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese. FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	CMCC T CCL	X			
f	B2.7. Métodos de separación de mesturas	B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio.	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	Escolle métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as componen. Leva a cabo o proceso coa axuda dun guión, utilizando o material adecuado.	CMCC T CAA CSIEE	X			
<b>BLOQUE 3. OS CAMBIOS</b>									
f h	B3.1. Cambios físicos e cambios químicos. B3.2. Reacción química.	B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.	FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias. FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos. FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas de forma guiada, recoñecendo o material do laboratorio que ten que empregar	CMCC T CCL	X			Probas escritas Caderno de aula
f	B3.2. Reacción química.	B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	CMCC T	X			
g e	B10.3. Técnicas de interpretación cartográfica e orientación. Lectura de mapas xeolóxicos sinxelos. B10.4. De cada práctica de campo: Estudos previos de consulta de mapas, fotografías aéreas, bibliografía, etc. Confirmación no itinerario da xeoloxía básica da rexión e os elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. Avaliación dos elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar.	B10.2. Ler mapas xeolóxicos sinxelos dunha comarca ou rexión.	XB10.2.1. Le mapas xeolóxicos sinxelos, fotografías aéreas e imaxes de satélite, que contrasta coas observacións no campo.	Ler mapas xeolóxicos sinxelos, fotografías aéreas e imaxes de satélite, contrastándoos con observación de campo	CD			X	Observación directa. Elaboración de informes

Xeoloxía. 2º de bacharelato									
Obx	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	CC	T1	T2	T3	Procedementos e instrumentos de avaliación
	B10.3. Técnicas de interpretación cartográfica e orientación. Lectura de mapas xeolóxicos sinxelos. B10.4. De cada práctica de campo: Estudos previos de consulta de mapas, fotografías aéreas, bibliografía, etc. Confirmación no itinerario da xeoloxía básica da rexión e os elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. Avaliación dos elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar.	B10.3. Observar os principais elementos xeolóxicos dos itinerarios.	XB10.3.1. Coñece e describe os principais elementos xeolóxicos do itinerario.	Describir os principais elementos xeolóxicos e afloramentos nun itinerario	CAA CMCCT			X	Observación directa. Elaboración de informes
g e	B10.3. Técnicas de interpretación cartográfica e orientación. Lectura de mapas xeolóxicos sinxelos. B10.4. De cada práctica de campo: Estudos previos de consulta de mapas, fotografías aéreas, bibliografía, etc. Confirmación no itinerario da xeoloxía básica da rexión e os elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. Avaliación dos elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar.	B10.4. Utilizar as principais técnicas de representación de datos xeolóxicos.	XB10.3.2. Observa e describe afloramentos da zona.		CMCCT CCL			X	Observación directa. Elaboración de informes
h m	B10.3. Técnicas de interpretación cartográfica e orientación. Lectura de mapas xeolóxicos sinxelos.	B10.5. Integrar a xeoloxía local do itinerario na xeoloxía rexional.	XB10.3.3. Recoñece e clasifica mostras de rochas, minerais e fósiles da zona.		CAA CMCCT			X	Observación directa. Elaboración de informes

Xeoloxía. 2º de bacharelato									
Obx	Contidos	Criterios avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	CC	T1	T2	T3	Procedementos e instrumentos de avaliación
	B10.4. De cada práctica de campo: Estudios previos de consulta de mapas, fotografías aéreas, bibliografía, etc. Confirmación no itinerario da xeoloxía básica da rexión e os elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. Avaliación dos elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar.		XB10.4.1. Utiliza as principais técnicas de representación de datos xeolóxicos (columnas estratigráficas, cortes xeolóxicos sinxelos e mapas xeotemáticos).	Realizar columnas estratigráficas, mapas e cortes xeolóxicos	CMCCT			X	Observación directa. Elaboración de informes
			XB10.5.1. Reconstrúe a historia xeolóxica da rexión e identifica os procesos activos.	Reconstruir a historia xeolóxica dunha rexión	CAA			X	Observación directa. Elaboración de informes
e h	B10.4. De cada práctica de campo: Estudios previos de consulta de mapas, fotografías aéreas, bibliografía, etc. Confirmación no itinerario da xeoloxía básica da rexión e os elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar. Avaliación dos elementos singulares do patrimonio xeolóxico do lugar	B10.6. Recoñecer os recursos e procesos activos.	XB10.6.1. Coñece e analiza os seus principais recursos e riscos xeolóxicos.	Relacionar o material disponible (mapas, etc) co terreo na práctica e respectar os elementos do patrimonio xeolóxico	CAA CMCCT			X	Observación directa. Elaboración de informes
h a m	B10.5. Concepto de patrimonio xeolóxico e puntos de interese xeolóxico (PIX). Principais exemplos en Galicia	B10.7. Entender as singularidades do patrimonio xeolóxico.	XB10.7.1. Comprende a necesidade de apreciar, valorar, respectar e protexer os elementos do patrimonio xeolóxico.		CSC			X	Observación directa.

## 6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

### 6.1. CRITERIOS METODOLÓXICOS ESPECÍFICOS DA ÁREA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado, e o alumno ou a alumna adquire un maior grao de protagonismo.

Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe. Así mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender é necesario procurar todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan capaces de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fora da aula. O papel do profesorado será o de deseñar as actividades (ou dar pautas para que as deseñen os alumnos), dinamizar os grupos, moderar as postas en común e dirixir o proceso de elaboración de conclusións.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiros.

A metodoloxía didáctica do bacharelato favorecerá a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, a autonomía e a capacidade para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación. Tamén, subliñará a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

O profesorado atenderá ós principios pedagóxicos que inspiran as ensinanzas do currículo e a didáctica específica das materias que imparten. Para iso, partírase do nivel de desenvolvemento do alumnado asegurando a construción de aprendizaxes significativas mediante a participación activa do alumnado no seu proceso de aprendizaxe baixo a dirección orientadora e integradora do profesorado. Ademais, tratarase de modificar os esquemas de coñecemento e intentarase establecer relacións entre a información nova recibida e os seus esquemas de coñecemento xa existentes.

O desenvolvemento dos contidos vaise facer, cunha perspectiva globalizadora, lóxica, sistemática e interdisciplinar, a través de actividades amplas e integrais que faciliten a comprensión e interiorización dos contidos, ao tempo que estimulan o uso, comprensión e interpretación da linguaxe verbal e da linguaxe icónica.

As actividades e procedementos estarán adaptadas aos obxectivos do currículo e ás capacidades reais do alumnado. A organización dos procedementos seguirá a secuencia das fases do procedemento científico: planificación, investigación, interpretación e comunicación de resultados.

Tentarase facer exposicións claras e amenas dos temas, acompañadas de exemplos e situacións da vida cotiá, de tal forma que se faga máis comprensible o contido das mesmas e invite a participación activa dos alumnos. Xunto coas clases teóricas, practicarase a resolución de exercicios numéricos derivados dos propios contidos teóricos estudados e a realización de actividades prácticas de laboratorio ou de campo.

## **6.2. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS: ACTIVIDADES E CONTEXTOS DE APRENDIZAXE**

Os principios metodolóxicos xerais e específicos da área anteriormente expostos guiarán as pautas concretas de actuación por parte do profesor, tanto no relativo á selección, secuenciación, enfoque, temporalización... das actividades de aprendizaxe como no referente ás modalidades de traballo e organizativas (contextos de aprendizaxe).

Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, a través da aula virtual do centro.

Procurarase que as actividades deseñadas teñan un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

### **a) Actividades de aprendizaxe**

As actividades de aprendizaxe deberán ter algunha ou varias das seguintes **características**:

- Ser globalizadoras e estar secuenciadas en función dos coñecementos previos.
- De actualidade científica.
- Relacionadas co medio.
- De experimentación (no laboratorio) e a través de modelos científicos adaptados (simulacións ou recursos TIC interactivos).
- Motivadoras para alumnado e profesorado.
- Deben atender á diversidade do alumnado.
- Fomentadoras da autoestima.



As **actividades de aprendizaxe** que empregaremos na nosa práctica docente, de deseño aberto e variada oferta, serán dos seguintes **tipos**:

Actividade	Función	Exemplo
<b>Iniciación ou motivación</b>	Permiten valorar as ideas previas do alumnado, atraer a súa atención sobre o tema ou traballo a desenvolver e centralo en función dos seus intereses ou do seu marco de referencia.	<input type="checkbox"/> Debates. <input type="checkbox"/> Chuvia de ideas. <input type="checkbox"/> Observación e comentario de imaxes.. <input type="checkbox"/> Formulación dun problema que desenvolva unha hipótese <input type="checkbox"/> Observación dun experimento. <input type="checkbox"/> Lanzamento dun reto
<b>Desenvolvemento</b>	Proporcionan a base para experiencias ou para profundar no tema.	<input type="checkbox"/> Lectura de textos. <input type="checkbox"/> Busca de información.. <input type="checkbox"/> Visionamento de imaxes, audiovisuais, modelos, representacións (gráficas, esquemas, mapas...) <input type="checkbox"/> Actividades TIC ("Web-quest", simulacións...) <input type="checkbox"/> Experiencias de laboratorio. <input type="checkbox"/> Asistencia e participación en charlas, coloquios... <input type="checkbox"/> Saídas (rotas didácticas, traballos de campo...) <input type="checkbox"/> Visitas científicas a: - Museos, exposicións, centros de interpretación. - Empresas de xestión medioambiental.
<b>De síntese, reforzo e ampliación</b>	<p><b>Síntese:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resumen a secuencia de instrución.</li> <li>▪ Centran os conceptos principais.</li> <li>▪ Globalizan conceptos importantes da unidade e incluso de varias.</li> </ul> <p><b>Reforzo:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Diseñadas para o alumnado que lle coste máis acadar os obxectivos.</li> </ul> <p><b>Ampliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Pode ser algunha actividade e interese para toda a clase, ou, actividades para o alumnado que acada os obxectivos antes que a maioría da clase.</li> </ul>	<input type="checkbox"/> Facer resúmenes, mapas conceptuais. <input type="checkbox"/> Definir conceptos clave. <input type="checkbox"/> Elaborar e interpretar esquemas, gráficos, táboas... <input type="checkbox"/> Establecer relacións entre conceptos clave. <input type="checkbox"/> Coloquios e postas en común. <input type="checkbox"/> Elaboración de informes, memorias, traballos.. <input type="checkbox"/> Presentar conclusións publicamente ou por escrito. <input type="checkbox"/> Realización de modelos. <input type="checkbox"/> Realización de exercicios e problemas prácticos. <input type="checkbox"/> Postas en común. <input type="checkbox"/> Discusións e debates. <input type="checkbox"/> Busca de respostas. <input type="checkbox"/> Avaliacións conxuntas. <input type="checkbox"/> Explicación do traballo aos demais.

## b) Contextos de aprendizaxe

O traballo de aula organízase en unidades didácticas nas que se proporán actividades aos alumnos e alumnas. Estas actividades, detalladas no apartado anterior, contextualízanse de

acordo cos obxectivos previstos e cos materiais e recursos didácticos dos que se dispón en cada momento, seguindo en xeral a secuencia lóxica: actividades de iniciación, de desenvolvemento, síntese e ampliación.

As clases desenvolveranse, basicamente, de acordo coas seguintes pautas de traballo (individuais e/ou colectivas):

- O profesorado, para cada nova unidade didáctica (ou apartado temático desta), realizará unha avaliación inicial e/ou outras actividades de iniciación e motivación, para saber o que os alumnos coñecen do tema e detectar ideas previas. Estas realizaranse en gran grupo, en pequenos grupos ou individualmente, de xeito flexible.
- Posteriormente introduciranse, de forma breve e sintética e coa axuda dun pequeno guión ou mapa conceptual, os principais contidos conceptuais (feitos, conceptos ou principios básicos sobre os que hai que construír), axudando aos alumnos/as a establecer conexións entre os novos conceptos e as ideas previas detectadas. Neste caso consideramos que é necesaria unha información ou comunicación directa que o profesorado aportará de maneira oral e/ou con materiais.
- A continuación e paralelamente aos distintos conceptos a tratar realizaranse actividades de desenvolvemento, empregándose distintos materiais didácticos: libro de texto, dicionarios de aula e outros materiais (fotocopias de textos, gráficos ou esquemas, mapas, multimedia, canón de vídeo, encerado dixital, etc.), e coa axuda do profesorado cando sexa necesario.
- Actividades de desenvolvemento e ampliación (como postas en común, coloquios e debates, exposicións de traballos, ou experiencias de laboratorio) requirirán a organización da aula en gran grupo.
- As actividades de síntese, dependendo da súa natureza, poderán realizarse de xeito individual ou en pequenos grupos (no caso de resolución de cuestións clave, elaboración de traballos escritos, esquemas, gráficos ou mapas conceptuais, presentación de conclusións ou de experiencias por escrito, elaboración de presentacións dixitais) ou en pequenos grupos e/ou gran grupo (postas en común, recapitulacións e contraste de ideas, presentación de conclusións en público). O traballo en pequenos grupos permitirá unha reflexión máis pausada, a elaboración de informes compartidos e o intercambio e socialización dos saberes. A acumulación de experiencia de traballo individual vai dotando ao alumnado de autonomía e sentido crítico persoal, preparándoo así para enfrontarse a retos persoais na vida activa adulta.

### **6.3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN E A AVALIACIÓN FINAL NA ESO**

#### **Alumnado que non superou a materia:**

Realización de actividades de reforzo, destinadas a acadar os obxectivos da materia (actividades de composición, de resposta curta, de interpretación de gráficos, debuxos, esquemas, relación de conceptos, preguntas test). Seleccionaranse aqueles contidos nos que o alumnado presente maiores dificultades e resolveranse dúbidas.

Os materiais e recursos serán os mesmos que se viñesen empregando ao longo de todo o curso (libro de texto, apuntes, fichas, fotocopias, caderno de clase, presentación e outros audiovisuais).

Para a recuperación da materia elaboraranse probas escritas (unha por avaliación) cos mínimos esixibles e o alumno/a deberá recuperar aquela parte que non teña superada.

#### **Alumnado coa materia superada:**

Elaboraranse actividades de ampliación dos contidos nos que, por incidencias acaecidas durante o curso, non se puidera ter afondado (actividades de maior complexidade dos contidos tratados, busca de información de aspectos máis concretos dos temas desenvolvidos durante o curso).

Os materiais e recursos serán os mesmos que se viñesen empregando ao longo de todo o curso (libro de texto, apuntes, fichas, fotocopias, caderno de clase, presentación e outros audiovisuais).

O alumnado coa materia aprobada, poderá realizar unha proba escrita global que lle permitirá subir a nota media.

### **6.4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E REMATE DO PERÍODO LECTIVO EN 1º DE BACHARELATO**

#### **Alumnado que non superou a materia:**

Realización de actividades de reforzo, destinadas a acadar os obxectivos da materia (actividades de composición, de resposta curta, de interpretación de gráficos, debuxos, esquemas, relación de conceptos, preguntas test). Seleccionaranse aqueles contidos nos que o alumnado presente maiores dificultades e resolveranse dúbidas.

Estas actividades irán encamiñadas a facilitar ao alumnado a superación da proba extraordinaria que se desenvolverá a finais do mes de xuño.

Os materiais e recursos serán os mesmos que se viñesen empregando ao longo de todo o curso (libro de texto, apuntes, fichas, fotocopias, caderno de clase, presentación e outros audiovisuais).

### **Alumnado coa materia superada:**

Elaboraranse actividades de ampliación dos contidos nos que, por incidencias acaecidas durante o curso, non se puidera ter afondado (actividades de maior complexidade dos contidos tratados, busca de información de aspectos máis concretos dos temas desenvolvidos durante o curso).

## **6.5. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E REMATE DO PERÍODO LECTIVO EN 2º DE BACHARELATO**

### **Alumnado que non superou a materia**

Actividades de reforzo, para tratar de desenvolver nas mellores condicións posibles as probas extraordinarias. Traballarase solucionando problemas, resolvendo dúbidas e resolvendo probas ou preguntas seleccionadas de probas ABAU doutros anos, e tamén se farán simulacións de exames ABAU.

Os materiais e recursos serán os mesmos utilizados ao longo do curso (libro de texto, apuntes, fichas, fotocopias, caderno de clase, presentación e outros audiovisuais).

### **Alumnado coa materia superada**

Actividades de reforzo e ampliación daqueles obxectivos, competencias e contidos nos que se poida mellorar o seu nivel de competencia, e en xeral para as probas ABAU.

## **7. TEMPORALIZACIÓN**

Para cada materia está feita unha previsión de contidos mínimos para impartir en cada trimestre, que se detallan nas táboas de cada curso.

Sen embargo cada profesor/a terá en conta a evolución e disposición do alumnado cara á materia e dará flexibilidade aos tempos e cantidade de contidos tendo en conta as súas programacións de aula e as características do seu alumnado.

## **8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

### **a) Libros de texto das materias recollidas na programación:**

- **Bioloxía e xeoloxía 4º ESO**

M<sup>a</sup>. D. Torres, H. Argüello, J. Celis, B. Mingo, M. Olazábal, R. R. Bernabé, A. Santos.  
Vicens Vives (2016)  
ISBN: 9788468238241

- **Bioloxía 2º Bacharelato**

Bioloxía 2º Bacharelato.  
Serie Observa

Proxecto Saber Facer – Obradoiro Santillana

ISBN: 9788499726939

**b) Apuntamentos proporcionados polo profesorado**

**c) Caderno de clase:** no que o alumnado organizará o seu traballo.

**d) Libros de consulta:**

- Do Departamento (guías, mapas temáticos,...)
- Da Biblioteca (xornais, revistas, artigos de divulgación, fichas temáticas,...)

**e) Material reprográfico:**

- Fotocopias que completan o libro de texto incluíndo esquemas, debuxos, fotografías, actividades, ou exercicios, adecuados aos estándares de aprendizaxe e elaborados polo profesorado do Departamento.
- Fotocopias de artigos científicos, noticias de xornais e revistas, etc.
- Dadas as condicións excepcionais do presente curso se procurará limitar o número de fotocopias e proporcionar este material a través da aula virtual do centro.

**f) Espazos:**

- Por mor da situación actual provocada pola COVID-19 neste curso o Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía, Biblioteca, e Aula de informática, se utilizarán tendo en conta o protocolo COVID co fin de garantir a seguridade sanitaria.

**g) Laboratorio:**

- Uso de Microscopios e lupas e outro material de laboratorio e Coleccións de minerais, rochas, fósiles, modelos anatómicos, esqueleto, etc., e prácticas, sempre que a situación epidemiolóxica o permita. De non ser posible se realizarán de modo virtual.

**h) Material informático:**

- Ordenador en cada aula, canón proxector e encerado dixital.
- Ordenadores da aula de informática seguindo o protocolo establecido no centro para garantir as medidas de seguridade..

## 9. AVALIACIÓN

### 9.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA APRENDIZAXE

#### 9.1.1. PRINCIPIOS XERAIS

A avaliación debe estar encamiñada a medir a eficacia de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e non só o éxito na aprendizaxe dos alumnos/as.

A avaliación deberá ter, pois, dúas vertentes:

- a) Valoración do profesorado en relación ao que poden aprender os alumnos/as (función reguladora da avaliación, para reconducir ou axustar a programación establecida).
- b) Constatación do grao de consecución dos obxectivos e criterios de avaliación por parte do alumnado (función acreditadora da avaliación).

### **Cando avaliar:**

A avaliación debe estar integrada no proceso de ensino-aprendizaxe, e polo tanto non pode reducirse a actuacións illadas, senón que ten que desenvolverse de xeito continuo, facilitando información sobre tódolos compoñentes do proceso e das relacións que se establecen entre eles, para que o profesorado poida utilizar os seus resultados na reorientación tanto da súa metodoloxía, como da súa programación de aula.

Distinguiranse tres momentos distintos pero complementarios na avaliación do proceso de ensino

- aprendizaxe:

- **Avaliación inicial:** Permite adecuar as intencións, aos coñecementos previos e ás necesidades dos alumnos. Faise ao comezo de cada curso.
- **Avaliación formativa:** realízase ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe e serve para regular o proceso e introducir as modificacións que en cada momento consideremos oportunas. Neste sentido, a avaliación actuará como elemento de axuste e a información obtida nunca debe ser o principal referente para a avaliación sumativa.
- **Avaliación sumativa** (ou final): confirma se se conseguiron os obxectivos propostos e dela derivase a cualificación final e/ou a proposta de promoción ou non de cada alumno.

### **Como avaliar:**

- **1º curso da ESO:** Teranse en conta fundamentalmente aspectos cualitativos e a comprensión e aplicación dos conceptos básicos a situacións diversas, tanto dentro da área de ciencias (nas diferentes disciplinas) como a outras áreas do currículo.  
É importante centrarse na utilización dun vocabulario preciso, na aplicación correcta das magnitudes e das unidades de medida e nos procedementos de traballo.
- **3º e 4º curso da ESO:** Pedirase máis precisión nos cálculos (aplicación de fórmulas e magnitudes) e unha maior abstracción nos conceptos, así como unha maior capacidade tanto analítica como de síntese.
- **Bacharelato:** Esixirase unha maior capacidade de abstracción (estruturas tridimensionais de biomoléculas), dominio do vocabulario científico propio da materia, rigor e precisión nas actividades e experiencias de laboratorio e unha visión conxunta e interconectada das distintas áreas da ciencia.

### 9.1.2. AVALIACIÓN INICIAL

A fin de determinar o punto de partida da formación inicial dos alumnos/as, realizarase, durante a primeira semana do curso escolar unha proba inicial que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa. prestando especial atención o nivel de adquisición dos estándares de aprendizaxe avaliados imprescindibles de cada materia do curso anterior.

Deberanse ter en conta as seguintes accións:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2021 2022 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Cada profesor deseñará probas de avaliación inicial para cada materia e nivel, nas que se medirán:

- Conceptos teóricos adquiridos en cursos anteriores
- Comprensión lectora
- Expresión escrita
- Interpretación de gráficos, debuxos e esquemas
- Cálculos matemáticos
- Resolución de problemas

Ademais desta proba inicial, teranse en conta:

- Informes finais individualizados do curso anterior.
- Información obtida a través da persoa titora e do profesorado que impartiu as materias da área no curso anterior e especialmente a proporcionada antes do inicio do curso polo Departamento de Orientación sobre o alumnado con dificultades de aprendizaxe

Os resultados da proba inicial escrita valoraranse seguindo a escala :

- A: Nivel moi bo  $\geq 80-100\%$
- B: Nivel bo 70-80%
- C: Nivel axeitado 50-70%
- D: Nivel baixo 30-50%
- E: Nivel escaso  $\leq 30\%$

Unha vez valoradas estas probas, adoptaranse medidas individuais tales como boletíns de actividades de repaso e reforzo, materiais curriculares adaptados ás necesidades específicas dos alumnos e medidas colectivas, nas que durante unhas sesións trabállanse contidos básicos para poder abordar a programación prevista do curso correspondente.

### 9.1.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

#### a) *Pautas xerais de actuación:*

O alumnado será informado desde o principio de curso de como vai ser avaliado.

Ao longo das actividades, traballos ou probas que se fagan en cada unidade didáctica, o profesorado, mediante observacións e análise do traballo do alumnado, rexistrará información, para cada alumna ou alumno, sobre o grao de consecución e dominio dos estándares de aprendizaxe avaliados (ou dos seus mínimos esixibles) recollidos nesta programación.

O profesorado organizará toda a información dos traballos de investigación e das actividades, que vaia obtendo dos alumnos/as, en fichas individuais ou colectivas de observación, empregando as rúbricas que se recollen no apartado anexos, desta programación ou outras que elabore cada profesor.

No caso da proba escrita é factible o emprego de escalas numéricas.

#### b) *Procedementos e instrumento de avaliación*

- **Caderno de clase:** debe recoller tódalas actividades individuais propostas, incluídas as fichas de traballo individualizadas. Pediráselle aos alumnos/as cando o profesor/a o considere oportuno para a súa revisión. O alumno/a deberá levar o caderno ao día, e corrixir ou completar as actividades, se procede, tralas postas en común.
- **Traballos:** os traballos poderán ser orais, escritos ou en soporte multimedia e poderán ser, entre outros, dos seguintes tipos:
  - Informes monográficos individuais ou en grupo
  - Infografías
  - Investigación e/ou busca de información sobre temas de interese relacionados coa materia.
  - Informes sobre prácticas realizadas no laboratorio, experiencias ou saídas didácticas.
  - Presentacións interactivas
  - Debates
  - Comentarios de textos sobre lecturas voluntarias ou obrigatorias
- **Probas escritas:** realizarase como mínimo unha proba por avaliación e terán como referencia os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados.

Será a criterio do profesor, repartir a materia de cada avaliación en varias probas. Neste caso, se algún alumno/a non se presenta a algunha das probas parciais, o profesor



decidira se repétila o día que considere oportuno ou ben xuntar a materia non avaliada coa da proba seguinte.

Se a proba non realizada fose a última da avaliación, os contidos serán avaliados na proba de recuperación que será única.

As probas escritas poderán constar de :

- Preguntas tipo test e/ou verdadeiro-falso.
- Preguntas de resposta curta aberta.
- Definición de conceptos clave e establecer relación entre eles.
- Interpretación de imaxes, gráficos, táboas ou esquema.
- Completar imaxes, esquemas ou mapas conceptuais.
- Realización de debuxos, gráficos ou esquemas.
- Resolución de exercicios prácticos.
- Preguntas e cuestións onde alumno expoñerá con lóxica e coherencia a súa valoración u opinión persoal e/ou propoñerá solucións a un problema formulado.

#### 9.1.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

*Consideramos a avaliación como un proceso continuo, onde calquera actividade tanto escolar como extraescolar pode ser avaliada.*

Para os diferentes cursos e materias, en cada avaliación a cualificación será resultado dos aspectos que se reflicten a continuación:

- **Ámbito científico e matemático 2º ESO:**

INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	DESCRICIÓN	PONDERACIÓN
Proba específica	Preguntas de resposta curta Interpretación gráficos, debuxos, esquemas... Preguntas test Preguntas de relación de conceptos Mapas conceptuais	70%
Rexistro de observación do caderno/portfolio	Valoración mediante rúbricas	30%
Análise do proxecto de investigación		
Análise do informe de prácticas		
Análise de traballos individuais ou en grupo		
Rexistro de observación na aula/laboratorio	Rexistro anecdótico e listas de control	

- **Bioloxía e Xeoloxía 4º ESO:**

INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	DESCRICIÓN	PONDERACIÓN
---------------------------	------------	-------------

Proba específica	Preguntas de resposta curta Interpretación gráficas, debuxos, esquemas... Preguntas test Preguntas de relación de conceptos Mapas conceptuais	80%
Traballo de investigación trimestral	Valoración mediante rúbricas, sempre e cando non teñan asociada unha exposición oral, fichas e preguntas.	10%
Rexistro de observación na aula/laboratorio	Rexistro anecdótico e listas de control	10%

• **Cultura Científica 4º ESO:**

INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	DESCRICIÓN	PONDERACIÓN
Proba específica	Preguntas de resposta curta Interpretación gráficas, debuxos, esquemas... Preguntas test Preguntas de relación de conceptos Mapas conceptuais	60%
Rexistro de observación do caderno/portfolio	Valoración mediante rúbricas	40%
Análise do proxecto de investigación		
Análise do informe de prácticas		
Análise de traballos individuais ou en grupo		
Rexistro de observación na aula/laboratorio	Rexistro anecdótico e listas de control	

• **Bioloxía 2º Bacharelato:**

INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	DESCRICIÓN	PONDERACIÓN
Proba específica	Preguntas de composición Preguntas de resposta curta Interpretación gráficas, debuxos, esquemas... Preguntas test Preguntas de relación de conceptos Mapas conceptuais	90%
Análise do informe de prácticas	Valoración mediante rúbricas	10%
Análise de traballos individuais ou en grupo		
Rexistro de observación na aula/laboratorio	Rexistro anecdótico e listas de control	

• **Ciencias da Terra e Ambientais 2º Bacharelato**

INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	DESCRICIÓN	PONDERACIÓN
Probas escritas		80%
Probas orais		

Traballos de investigación*	Os traballos de investigación que non teñan exposición oral asociada, fichas e preguntas, valoraranse mediante rúbricas.	
Exposicións orais		
Traballo de aula	Registro anecdótico e listas de control	20%
Registro de observación na aula		

**Nota\***: cando o alumno/a teña superada unha avaliación, xa sexa durante a avaliación ou coa proba de recuperación (cualificación de 5 ou superior) poderá, se quere, subir a nota desa avaliación ata 1 punto realizando algunha actividade ou traballo proposto pola profesora. Esta nova nota será a que se teña en conta para realizar a media do curso

- **Xeoloxía 2º Bacharelato**

INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	DESCRICIÓN	PONDERACIÓN
Proba específica	Preguntas de composición Preguntas de resposta curta Interpretación gráficas, debuxos, esquemas... Preguntas test Preguntas de relación de conceptos Mapas conceptuais	90%
Análise do informe de saídas didácticas	Valoración mediante rúbricas	10%
Análise de traballos individuais ou en grupo		
Traballo de investigación		
Registro de observación na aula/laboratorio		

En todas as materias no caso que, por cambios nas condicións sanitarias ou por calquera outra causa, non se puideran realizar algunha das actividades propostas (traballo experimental, traballo de investigación,...) a porcentaxe destinada a este apartado sumaríase á que, en cada materia se lle da ás probas específicas.

Considerarase **superada** unha avaliación cando a suma das porcentaxes citadas sexa como mínimo de **5 puntos**.

Ao final de cada avaliación, aqueles alumnos/as que non se encontren nesta situación realizarán unha **proba de recuperación**. Esta proba terá lugar despois de cada avaliación e abarcará a **totalidade da materia** tratada nese período.

A nota acadada na recuperación, sempre que a persoa teña que realizala, será a que se tomará en conta nese trimestre para calcular a nota media da materia.

A nota numérica que figurará nas actas de cada avaliación parcial e nos boletíns será o resultado do redondeo ao número enteiro que corresponda a cada cualificación.

### 9.1.5. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS PARCIAIS

A nota media de cada unha das avaliacións, será o resultado da suma resultante de considerar as cualificacións dos seguintes apartados:

- Nota media das probas escritas realizadas (cualificada de 0 a 10) e ponderada segundo a porcentaxe correspondente segundo o especificado no apartado anterior.
- Nota resultante do análise dos restantes instrumentos, (cualificados cada un deles de 0 a 10) e ponderada segundo as porcentaxes correspondentes especificadas no apartado anterior.

A nota numérica que figurará nas actas de cada avaliación parcial e nos boletíns será resultado do redondeo ao número enteiro que corresponda a cada cualificación.

### 9.1.6. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN FINAL

**Cálculo para obter a cualificación final de curso na ESO:**

- A nota da avaliación ordinaria calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións parciais. Para o cálculo utilizarase a nota real de cada avaliación sen redondeo.
- Se nalgunha avaliación o alumno/a tivera que facer unha proba de recuperación, será a nota obtida a que se terá en conta para facer a nota media do curso.
- A nota numérica que figurará na acta da avaliación ordinaria será resultado do redondeo ao número enteiro que corresponda tras o calculo da media aritmética.
- Para **superar** a materia na avaliación ordinaria terá que acadarse un mínimo de **5 puntos**.
- No mes de xuño, no período posterior á avaliación ordinaria, o alumnado poderá recuperar aquelas avaliacións que aínda non lograra superar. Para elo realizarase unha proba escrita que se cualificará de 0 a 10. Para superar esta nova recuperación terase en conta a nota da proba escrita (90%) e o traballo realizado polo alumno/a durante este período (10%). A cualificación desta nova recuperación da avaliación non superada, será a que se tome en conta para a obtención da media do curso, sempre que sexa maior á obtida na recuperación realizada con anterioridade.
- O alumnado que teña superadas as 3 avaliacións poderá facer unha proba global dos contidos do curso, encamiñada a mellorar a súa cualificación. O cálculo da nota final neste caso, farase tendo en conta dous supostos:
  - 1º suposto: nota media resultante das cualificacións obtidas en cada avaliación sen redondeos.
  - 2º suposto: proba global do curso (90% da cualificación), traballo realizado no período posterior á avaliación ordinaria (10%).

A nota final neste caso será a cualificación do suposto que máis beneficie ao alumno.

#### **Cálculo para obter a cualificación final de curso no Bacharelato:**

- A nota da avaliación ordinaria calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións finais. Para o cálculo empregarase a nota real de cada avaliación sen redondeo.
- Se nalgunha avaliación o alumno/a tivera que facer unha proba de recuperación, será a nota obtida a que se terá en conta para facer a nota media do curso.
- O alumnado con cualificación negativa na avaliación ordinaria realizará unha proba global extraordinaria. Dita proba global será elaborada en base aos mínimos esixibles de cada estándar de aprendizaxe establecidos na programación. A proba cualificarase de 0 a 10. A materia estará superada cando a puntuación obtida sexa igual ou superior a 5 puntos.

#### **Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:**

- Seguindo o plan de reforzo elaborado para o alumnado que se atopa nesta situación e destinado á recuperación e superación da materia, deséñanse boletíns de actividades e realízanse probas escritas periódicas.
- Para a cualificación das probas parciais valorarase a entrega das actividades propostas debidamente resoltas (ata un máximo do 30% da cualificación). O 70% restante corresponderá coa nota media das probas escritas realizadas (cualificadas de 0 a 10).
- A proba considerarase superada cando o alumno/a acade na mesma unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.
- A materia considerarase superada cando o alumno/a aprobe as probas parciais ou consiga unha media de, como mínimo, 5 puntos na cualificación de cada unha delas.
- De non acadar estas condicións, o alumnado terá outra oportunidade de superar a materia, entregando, en caso de non telo feito, os boletíns de exercicios e realizando unha nova proba de aquelas partes que non teña superadas, no mes de xuño.
- Para o cálculo da nota media, sempre que teña que repetir unha proba, tomarase a cualificación máis alta obtida na proba.
- O alumnado con materias pendentes deberá realizar boletíns de actividades, destinados á consecución das competencias que teñen que demostrar e á adquisición dos contidos que terán que avaliarse.
- Os boletíns entregaranse periodicamente e serán recollidos para a súa corrección e solución de dúbidas.
- Posteriormente faranse as probas escritas.

## **9.2. RECUPERACIÓNS**

A recuperación de avaliacións parciais suspensas farase despois de cada avaliación e de acordo coas seguintes normas:

- 1) As probas escritas ou avaliacións parciais suspensas cunha cualificación **igual ou superior a 4 puntos** poderán ser compensadas coas cualificacións das restantes probas escritas ou avaliacións parciais (sen necesidade de realizar exames de recuperación), sempre que a media aritmética de todas elas supere os 5 puntos.
- 2) Se a media aritmética das avaliacións parciais non chega aos **4 puntos** o alumnado poderá recuperar cada avaliación parcial cunha proba escrita. Considerarase aprobada cunha nota de **5 puntos.**
- 3) Nas probas de recuperación de cada unha das avaliacións abarcarán a totalidade da materia tratada nese período.

### **CONDUCTAS INAPROPIADAS DURANTE A REALIZACIÓN DE EXAMES**

Non está permitido a realización dun exame portando un teléfono móbil na aula. O dispositivo está prohibido no Centro e se o portaran deberán, antes da realización da proba, depositalo apagado nun emprazamento determinado seguindo as indicacións do profesorado.

Aqueles alumnos/as que durante o exame, sexan interceptados con materiais de apoio (apuntes, libro, notas, etc), teléfono móbil ou falando con algún compañeiro, terán unha cualificación dun 0 en dita proba e deberán repetilo na data e hora que o profesor lle indique.

No caso no que se atope a algún alumno/a axudando a contestar a proba doutro compañeiro será sancionado/a cun desconto na cualificación de dito exame.

### **10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

Ao comezo do curso (inicios do mes de outubro), aquel alumnado que presente algunha das materias correspondentes ao Departamento suspensa, será informado polas súas profesoras ou pola Xefa de Departamento, dos contidos dos que deben avaliarse e do procedemento que deben seguir para a superación destas materias. Os contidos a superar serán os correspondentes aos mínimos esixibles.

Periodicamente se lles fará entrega dunha proposta de actividades, que deberán desenvolver cara á consecución das competencias que teñen que demostrar e á adquisición dos contidos dos que terán que avaliarse. Os exercicios e traballos terán que ser entregados nas datas indicadas e non se recollerán fóra deste tempo.

En aquelas materias nas que o horario permita unha hora de pendentes as actividades propostas serán corrixidas e cualificados polo profesor de pendentes, que se encargará tamén de solucionar as dúbidas que lle podan xurdir ao alumnado suspenso.

No caso de que a materia suspensa non teña horario de pendentes será a profesora do departamento que lle dea clase ou a Xefa de Departamento (se o alumno/a non cursara o presente curso ningunha das materias asignadas ao departamento) a encargada da corrección e solución de dúbidas..

A entrega destes traballos é previa e imprescindible para a realización das probas escritas.

### **10.1. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO 2021/2022**

A partir dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2020/21 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe.

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultado da avaliación inicial, onde se detectarán as carencias e necesidades do alumnado, e estenderase, polo menos durante o primeiro trimestre do curso.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en practica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención a diversidade que se poidan establecer.

### **10.2. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

- a) Realización de traballos encomendados polo profesorado do Departamento que versarán sobre:

- Resolución de cuestións teórico-prácticas referidas aos graos mínimos esixibles das respectivas materias impartidas polo departamento.
- Recoñecemento, interpretación e representación esquemática de estruturas e procesos tanto biolóxicos como xeolóxicos.
- Interpretación de gráficas que fagan referencia a procesos e fenómenos da natureza.
- Comentarios de texto científicos.
- Realización de mapas conceptuais que resuman os graos mínimos esixibles de cada unidade ou bloque temático.
- Realización de pequenos informes bibliográficos sobre os diferentes aspectos da materia que o profesor considere.

b) Realización de dúas probas escritas con cuestións similares as actividades referidas anteriormente.

As datas e a materia a examinar en cada unha das probas será indicada con tempo suficiente e debidamente publicitadas, a través dos titores e na web do Centro.

### 10.3. CRITERIOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES

Tal e como se indicou anteriormente, para a cualificación das probas parciais valorarase a entrega da proposta de actividades debidamente resoltas (ata un máximo do 30% da cualificación). O 70% restante se corresponderá coa nota media das probas escritas realizadas (cualificadas de 0 a 10).

A proba se considera **superada** cando o alumno/a acade na mesma unha cualificación **igual ou superior a 5 puntos**.

Para a superación de cada unha das probas o alumnado deberá responder correctamente polo menos ao 50% das cuestións formuladas nas mesmas.

A materia considérase superada cando o/a alumno/a aproba as dúas probas parciais ou consegue unha media de como mínimo 5 puntos na cualificación de ambas as dúas probas, sen que poida ter unha nota inferior a 4 puntos en cada unha das partes.

De non acadar estas condicións, o alumnado terá unha última oportunidade de aprobar a materia se supera unha proba final de mínimos programada para o mes de maio.

Fixarase unha proba global extraordinaria para aqueles alumnos/as con cualificación negativa na avaliación ordinaria.

## 11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE



A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente se intenta potenciar dentro do marco europeo educativo. Debe considerarse esta reflexión sobre a avaliación docente como un proceso formativo que fortalecerá a labor docente e permitirá o profesor/a mellorar as aprendizaxes dos alumnos/as.

A avaliación terá lugar despois de cada avaliación e con carácter global ao final de cada curso. Cada profesor/a reflexionará sobre a súa práctica docente para detectar onde se localizan as maiores dificultades e como consecuencia introducir as medidas pertinentes. Favorecerase nas reunións do Departamento a avaliación, da nosa práctica docente realizando unha análise en relación os seguintes aspectos:

- Planificación do traballo na aula e/ou no laboratorio.
- Metodoloxía empregada.
- Atención á diversidade
- Seguimento e avaliación

Utilizarase a seguinte táboa que se recolle a continuación.

A final de curso se recollerán os resultados e analizaranse para detectar fortalezas e debilidades, que se incluírán na memoria final do departamento. O obxectivo será introducir propostas de mellora no noso labor docente que queden reflectidas na programación do curso seguinte.

	INDICADORES DE LOGRO do proceso de ensino e práctica docente	Escala				
		1	2	3	4	5
1. Planificación	1.1. Programamos a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe.					
	1.2. Programamos a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro.					
	1.3. Planificamos as clases de modo flexible deseñando distintas actividades de aprendizaxe en función dos obxectivos e das necesidades do alumnado.					
	1.4. Fixamos un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.					
	1.5. Organizamos ben o tempo da clase en función das actividades a realizar.					
	1.6. Coordinámonos co resto do profesorado do departamento e do centro para o tratamento de contidos afíns ou proxectos conxuntos.					
2. Metodoloxía	2.1. Desenvolvemos os contidos de forma ordenada e comprensible para o alumnado.					
	2.2. Consequimos motivar para favorecer a aprendizaxe do alumnado.					
	2.3. Consequimos a participación activa e a implicación de todo o alumnado.					
	2.4. Propoñemos actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma.					
	2.5. Promovemos o traballo cooperativo e mantemos unha comunicación fluída co alumnado.					
	2.6. Incorporamos as TIC's nos procesos de ensino - aprendizaxe.					
	3.1. Organizamos tarefas e propoñemos logros diferentes en función das características do alumnado.					

3. Atención á diversidade	3.2. Propoñemos actividades de maior nivel para o alumnado que acadou os obxectivos en profundidade.						
	3.3. Mantemos, directamente ou a través da titoría, contacto coa familia e contamos co seu apoio e implicación.						
	3.4. Atendemos axeitadamente á diversidade do alumnado						
4. Seguimento e avaliación	4.1. Realizamos a avaliación inicial para axustar a programación ao nivel do alumnado.						
	4.2. Informamos adecuadamente ao alumnado sobre os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.						
	4.3. Valoramos axeitadamente a observación do traballo e da participación e actitude do alumnado na aula.						
	4.4. Valoramos adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.						
	4.5. Corriximos e explicamos os traballos e actividades do alumnado e damos pautas para mellorar a súa aprendizaxe.						
	4.6. Empregamos distintos tipos de probas e instrumentos de avaliación.						
	4.7. Favorecemos os procesos de autoavaliación e coavaliación.						
Escala: 1: Logro MÍNIMO – 2: Logro BAIXO – 3: logro MEDIO – 4: logro ALTO 5: logro MÁXIMO							

Para os resultados poderase utilizar unha táboa similar á seguinte:

Curso:	Táboa de interpretación de datos (Proceso de ensino e práctica docente)			
	Nivel de logro	Fortalezas	Debilidades	Propostas de mellora
1. Planificación				
2. Metodoloxía				
3. Atención á diversidade				
4. Seguimento e avaliación				
<b>Observacións:</b>				

## 12. PROCEDEMENTO PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA CURSAR BIOLOXÍA E/OU XEOLOXÍA DE 2º DE BACHARELATO

En relación coa lexislación vixente, Resolución do 15 de xullo de 2016 (DOG nº144 de 2016/8/1), da Dirección Xeral de Educación sobre a elección en segundo curso do bacharelato de materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso. O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía para aqueles alumnos/as que non cursaron Bioloxía e Xeoloxía en 1º Bacharelato e decidan cursar Bioloxía en 2º Bacharelato, ten prevista a realización dunha proba,

días previos ó inicio do curso académico, para acreditar os contidos/graos mínimos esixibles necesarios para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso.

No caso de non superar a proba e de cursar simultaneamente a materia de primeiro e segundo curso, a materia de 1º Bacharelato será tratada de forma análoga ás pendentes, e o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía deseñará un plan de traballo e as probas parciais para verificar a superación da materia.

### 13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A expresión "*atención á diversidade*" non fai referencia a un determinado tipo de alumnos e alumnas (problemáticos, con deficiencias físicas, psíquicas ou sensoriais, etc.), senón a todos os escolarizados en cada clase do centro educativo. Isto supón que a resposta á diversidade dos alumnos e as alumnas debe garantirse dende o mesmo proceso de planificación educativa. De aí que a atención á diversidade se articule en todos os niveis (centro, grupo de alumnos e alumnas, e alumno concreto).

Así, o Proxecto Curricular de etapa configúrase como o primeiro nivel de adaptación do currículo. O carácter opcional dalgunhas áreas no último ano, o progresivo carácter optativo ao longo da etapa, os distintos graos de adaptación individualizada, o reforzo educativo, as adaptacións curriculares ou os programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) son os elementos que constitúen unha resposta aberta e flexible aos diferentes problemas que se formulan no proceso educativo.

Tanto a LOE como a LOMCE responden á diversidade co concepto de adaptación curricular. Non se propón un currículo especial para os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais, senón o mesmo currículo común, adaptado ás necesidades de cada un. Preténdese que estes alumnos e alumnas alcancen, dentro do mesmo sistema educativo, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

A especie humana caracterízase pola variedade. Todos os nosos alumnos e as alumnas son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc. Todo iso sitúa aos docentes na necesidade de educar en, e para a diversidade.

É indispensable, dispoñer de todos os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Debemos facer posible que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; alcancen os mellores resultados.

Para atender á Diversidade e aos Alumnos con Necesidade Específica de Apoio Educativo é preciso adaptar o noso ensino á aprendizaxe de todos e cada un deles. É dicir, debemos incluír a todos os alumnos/as dentro da actividade ordinaria do grupo pero, á vez, prestar (directa ou indirectamente) unha atención máis individualizada a aqueles que o necesiten.

Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as súas circunstancias.

Para iso consideraremos diversas medidas incluídas nun abano que vai dende as ordinarias ás máis específicas. Así, para aqueles casos máis simples, podemos atender á diversidade mediante pequenas modificacións a nivel metodolóxico e/ou de recursos. Podemos levar a cabo actividades de reforzo ou de ampliación, agrupar aos alumnos de diferentes maneiras para favorecer a súa aprendizaxe, variar os estilos de ensino e utilizar recursos didácticos específicos que faciliten a aprendizaxe e/ou permitan afondar nela.

No caso de que as medidas máis xerais non sexan suficientes para atender á diversidade, contamos con outras de carácter máis específico. Por un lado, a nivel organizativo pódese considerar a opción de facer un desdobre ou contar coa intervención dun profesor de apoio.

A nivel curricular contamos con dúas grandes medidas:

- **Reforzo educativo:** só modifica elementos non prescritivos do currículo para adaptarnos ás demandas do alumnado.
- **Adaptación Curricular Significativa:** modifica elementos do currículo polo que necesita da autorización da Inspección Educativa. Pódese facer para o alumnado que presente maiores dificultades para a aprendizaxe, ou para o que presente unha maior facilidade, (*Adaptación Curricular de Ampliación e de Enriquecemento*).

As necesidades que, en xeral, presenta o noso alumnado e a resposta educativa que temos previsto ofrecer exponse no seguinte cadro:

NEAE (necesidade específica de apoio educativo)	Resposta educativa
---	--------------------

<p>TDA/TDAH:</p>	<p>Terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 (apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula) do “Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario”.</p> <p><a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/node/13546">http://www.edu.xunta.gal/portal/node/13546</a></p> <p>- Orientacións da Asociación: Agrupamentos flexibles, desdobres, apoios e reforzos educativos...</p>
<p><b>Trastorno de espectro autista (TEA)</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Protocolo de tratamento educativo de alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA): <a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/node/18477">https://www.edu.xunta.gal/portal/node/18477</a></li> <li>• “Trastornos xeneralizados do desenvolvemento” <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3703">http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3703</a></li> <li>• Orientacións de ASPERGA: <a href="http://www.asperga.org/">http://www.asperga.org/</a></li> </ul>
<p><b>Altas capacidades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado con altas capacidades intelectuais <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144</a></li> <li>• Sobredotación intelectual <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3700">http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3700</a></li> <li>• Orientacións e respostas educativas: Alumnado con sobredotación intelectual. <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3630">http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3630</a></li> </ul>
<p><b>Síndrome de Down</b></p>	<p><i>Protocolo de tratamento educativo de alumnado con Síndrome de Down e/ou Discapacidade Intelectual:</i></p> <p><a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/node/25286">https://www.edu.xunta.gal/portal/node/25286</a></p>
<p><b>Deficiencias sensoriais</b></p>	<p><i>Protocolo de tratamento educativo de alumnado con discapacidade auditiva</i></p> <p><a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/03/20/6098b8472895616fdf8740b5826a0ddc.pdf">http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/03/20/6098b8472895616fdf8740b5826a0ddc.pdf</a></p>

Outros protocolos da Consellería de .E. e O.U. a ter en conta:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

- Protocolo de identidade de xénero.

- Protocolo de Protección de datos.
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de Atención educativa domiciliaria. / Protocolo de Urgencias Sanitarias.

### 13.1. ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN

Será preciso deseñar unha serie de actividades de reforzo e de ampliación, que permitan que todo alumnado, dentro da súa diversidade, leve a cabo o proceso ensino – aprendizaxe da mellor maneira posible.

Estas actividades aplicaranse:

- a) *Alumnos/as con dificultades de aprendizaxe, por carecer de motivación ou por outros motivos.*

Seleccionaranse actividades sinxelas, que reforcen os conceptos e competencias básicas que que terán como referencia os mínimos esixibles.

- b) *Alumnos con nivel de motivación maior, que permitan un tratamento máis ampliado de certas cuestións.*

Elixiranse actividades encamiñadas á realización de traballos de ampliación eminentemente prácticos e de carácter voluntario, con actividades atractivas e que normalmente están fora do tratamento dos contidos que se fan na aula.

Centraranse en aplicacións científicas e tecnolóxicas de interese social, para alumnos/as máis interesados/as en aspectos prácticos ou investigacións bibliográficas sobre cuestións puramente científicas, para alumnos/as máis interesados/as en aspectos teóricos.

### 13.2. ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

Enténdese por *Adaptación Curricular Significativa (ACS)* a proposta curricular específica para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (*ACNEAE*). Nesta proposta introdúcense modificacións significativas dos elementos prescritivos do currículo común- obxectivos, contidos e criterios de avaliación– e pode afectar a unha, varias ou tódalas áreas.

No presente curso, tomaranse como referencia as avaliacións psicopedagóxicas realizadas polo Departamento de Orientación e logo da avaliación inicial se decidirá, se se fai algunha ACS.

No caso de concretarse esta ACS, facilitaráselle ao alumnado material didáctico adaptado) consistente en contidos de adaptación curricular e fichas de traballo específicas.

O deseño e desenvolvemento das ACS's é responsabilidade do profesorado que imparte a materia, coa colaboración do departamento didáctico e co asesoramento do departamento de orientación do centro. O alumnado será avaliado en función dos logros establecidos na súas ACS.

#### **14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES**

Os elementos transversais, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, a educación cívica e constitucional ou emprendemento, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

O desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

Na normativa educativa derivada da LOMCE recupérase o termo “Elemento Transversal” (Artigo 4 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia).

A educación en valores ten un gran valor no proxecto didáctico de Bioloxía e Xeoloxía, xa que contribúe ao desenvolvemento persoal e integral dos alumnos/as, e axuda a configurar un proxecto de sociedade máis libre e pacífica, mais respectuosa coas persoas e coa propia natureza.

Todas as unidades e bloques de contidos de Bioloxía e Xeoloxía contemplan de algún xeito a educación en valores e os elementos transversais, polo que destacaremos as liñas xerais sobre como abordaremos o seu tratamento na práctica docente:

- *Educación para a igualdade, coeducación e non discriminación*

No tratamento da igualdade afectiva é clave a linguaxe utilizada (non sexista), pero fundamentalmente vai a depender das actitudes do profesorado de cara aos alumnos e alumnas e no xeito de estruturar a dinámica de traballo e de relacións no grupo. Debe tratarse de xeito ineludible e continuado, sempre na busca da reflexión e crítica das actitudes sexistas.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual

Teremos en especial consideración a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

O respecto da interculturalidade e o rexeitamento a actitudes racistas ou xenófobas introduciranse en aquelas unidades didácticas nas que se trate a interacción do ser humano co medio ambiente e social e as súas consecuencias nos distintos colectivos e segmentos das sociedades.

Inculcarase especialmente o respecto polas minoritarias étnicas ou colectivos sociais que non contan con determinados recursos e servizos básicos en materia de saúde, educación ou xustiza social.

- *Educación para o lecer a seguridade viaria*

Promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

O tema da seguridade viaria está ademais moi relacionado cos da saúde no aspecto de prevención dos accidentes, hábitos non saudables e comportamentos de risco (consumo de alcohol, drogas ou medicamentos ...).

- *Educación ambiental*

O alumnado debe comprender as relacións co medio no estamos inmersos e coñecer os problemas ambientais e as solucións individuais e colectivas que poden axudar a mellorar a nosa contorna. Hai que fomentar a participación solidaria persoal cara aos problemas ambientais que están degradando o noso planeta a un ritmo preocupante.

- *Educación para a saúde e calidade de vida*

Débese estruturar arredor de tres grandes eixos:

As relacións persoais: afectividade, amizade, sexualidade e habilidades sociais.

Coidados dun mesmo: equilibrio entre exercicio e descanso, alimentación sa, seguridade e prevención de accidente, abuso de substancias, hixiene persoal e prevención de enfermidades.

Comunidade e entorno: coidado do medio ambiente, implicación e participación da vida na vida da comunidade, uso e participación nos servizos de saúde.

- *Educación afectivo-sexual*



Trátase, non só de coñecer os aspectos biolóxicos da sexualidade, senón informar, orientar e educar os seus aspectos afectivos, emocionais e sociais, entendéndoa coma unha actividade plena de comunicación entre as persoas.

- *Educación para o consumo*

O consumo está presente na nosa sociedade e chegou a uns puntos de acumular produtos que non se necesitan de forma automática e irreflexiva por falta de educación.

É necesario dotas ao alumnado de instrumentos de análise cara ao exceso de consumo de produtos innecesarios, adquirir conceptos claros sobre a súa propia condición de consumidor, os seus dereitos e obrigas como tal, o funcionamento da sociedade de consumo e os mecanismos dos que se dispón para actuar como consumidor informado.

- *Educación para a cidadanía e medios de comunicación*

Debemos tomar conciencia de que os medios de comunicación de masas constitúen o medio ambiente no que medran as novas xeración de alumnos e alumnas, e polo tanto é fundamental educar neste campo para a súa formación integral como cidadáns en canto a:

A utilización dos medios para transmitir coñecementos obxectivos da realidade.

A transmisión de actitudes e valores e a toma de posición sobre sucesos que impliquen á sensibilidade do alumnado e o seu papel como cidadáns.

É moi importante o apoio que pode dar a determinados temas o traballo con documentais, imaxes, e textos xornalísticos, especialmente o relacionado cos avances en Ciencias da vida e do medio ambiente: estudio dos seres vivos, medicina, xenética e biotecnoloxía, a ecoloxía, as fontes de enerxía e os materiais.

- *Educación para a paz e o desenvolvemento*

A creación de actividades que estimulen o diálogo como vía privilexiada na resolución de conflitos entre persoas ou grupos sociais é un obxectivo básico da educación. No instituto conviven moitas persoas con intereses non sempre similares polo que é un lugar idóneo para aprender actitudes básicas de convivencia: solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo e de participación social.

## 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Sempre que as condicións sanitarias o permitan, durante o presente curso e seguindo as indicacións da Consellería de Sanidade e as normas que vaia ditando a Consellería de Educación e sempre con todas as garantías e se hai posibilidade de facer **grupos pequenos**, poderían programarse:

- Actividades interdisciplinares cos demais departamentos didácticos.
- Asistencia e participación en conferencias, charlas-coloquio,... sobre temas relacionados co medio ambiente e saúde, en pequenos grupos.
- Proxección de documentais ou películas, preferentemente na aula.
- Saídas pola contorna.
- Visitas a centros de interpretación, percorridos guiados en espazos naturais, museos, exposicións, empresas (transformación de alimentos, depuradoras...).

Se ditas actividades puideran levarse a cabo, desenvolveranse ao longo do 2º e 3º trimestres. As datas se fixarían tendo en conta os acordos adoptados na CCP e non se realizarían nas datas previas ás respectivas avaliacións.

#### **Outras actividades complementarias:**

❖ Colaboración co Equipo de actividades complementarias e extraescolares (sempre que este último programe actividades específicas) nas seguintes conmemoracións:

- 4 de outubro: Día Mundial dos Animais.
- 11 de febreiro. Día da Muller e a Nena na Ciencia.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo: Día Mundial dos dereitos do consumidor.
- 7 de abril: Día Mundial da saúde.
- Do 14 ao 18 de maio: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

Se non se programaran actividades específicas nestas conmemoracións, farase especial fincapé nas aulas nos elementos transversais que correspondan na proximidade estas datas.

#### **16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Tal como recolle o artigo 9 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o Departamento, no seu ámbito competencial, será responsable de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que establece o Plan de Convivencia e as normas de convivencia do centro.

Igualmente, e nos ámbitos do Claustro de Profesorado e da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o departamento colaborará e participará na adecuación do Regulamento de Réxime Interno á Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

## 17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

As propostas e actuacións no ámbito do Departamento de Ciencias Naturais destinadas ao fomento da lectura e da escritura están directamente relacionadas coa adquisición da competencia en comunicación lingüística, concretada para esta área nos seguintes aspectos:

- Utilizar con precisión a terminoloxía específica e os conceptos clave da Bioloxía e a Xeoloxía.
- Localizar as ideas principais dun texto científico.
- Resumir ideas ou pensamentos científicos.
- Ler e comprender textos científicos de distintas épocas.
- Expresar de forma encadeada os razoamentos propios da Bioloxía e a Xeoloxía.
- Debater sobre a utilización que fai o ser humano dos avances científicos.

Empregaranse técnicas básicas de expresión oral e escrita, invitándose ao alumnado a que lea e reflexione sobre o lido e a que analice o seu nivel de comprensión lectora. As actividades específicas dirixidas a traballar a competencia lingüística e o fomento da lectura concretaranse en:

- Lectura e comentario de textos sobre acontecementos destacados da historia da ciencia e a evolución do pensamento científico.
- Lectura e análise de textos científicos breves de distintas épocas mediante a realización de actividades encamiñadas á detectar os conceptos clave e á sintetizar e resumir as ideas principais.
- Lectura de textos de divulgación científica e/ou periodísticos sobre cuestións científicas de actualidade e de relevancia social que estimulen o espírito crítico e fomenten o debate e o contraste das opinións persoais.

❖ Relación de libros de lectura recomendados:

### 4º ESO:

- Ojos de pantera: para entender la genética humana, Silvia Aymerich
- Gelati, Silvia Aymerich.
- A evolución de Calpurnia Tate

## 18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O profesorado do Departamento de Ciencias Naturais fomentará o uso das TIC na ESO e no Bacharelato, propondo ao alumnado:

- Busca en páxinas web, de información e datos, para complementar o estudo e para a realización de traballos.
- Realización de tratamentos informáticos cos datos obtidos.
- Manexo de programas informáticos de tratamento de textos, follas de cálculo, presentacións, infografías, etc.
- Realización de experiencias en laboratorios virtuais.
- Presentación de traballos utilizando as TIC.
- Representación, coa axuda dos ordenadores, de estruturas moleculares, anatómicas, e xeolóxicas.
- Realización de actividades interactivas

En canto aos recursos e materiais que serán empregados polo profesorado, serán:

- Utilización na aula e laboratorio, como complemento das explicacións, vídeos, presentacións virtuais, páxinas web, etc. Para elo, nas aulas cóntase con ordenador, canón e encerado dixital.
- Elaboración de materiais dixitais.
- Libros dixitais e recursos didácticos
  - [https://www.anayaeducacion.es/index\\_alumnado.php](https://www.anayaeducacion.es/index_alumnado.php)
  - <http://www.vicensvives.es/>
  - <http://recursos.cnice.mec.es/biosfera/profesor/unidades.htm>
- Materiais didácticos en soporte dixital: fichas de traballo, probas de autoavaliación, materiais para tratamento da diversidade (actividades de reforzo e ampliación), etc.

### **Aula de informática**

No principio do curso, será utilizada, para ensinar ou recordar ao alumnado o uso da aula virtual do centro. É fundamental que o alumnado adquira unha boa competencia dixital que lle permita se a situación o require, traballar de forma dixital, dende as súas casas.

Ademais do manexo da aula virtual se traballará co alumnado:

- Técnicas básicas para uso de aplicacións informáticas sinxelas.
- Uso do correo electrónico.
- Emprego de navegadores Web e motores de busca de información en internet.
- Obtención de información escrita e gráfica en páxinas Web, elaboración e envío de traballos en formato dixital.

- Realización de test interactivos de autoavaliación.
- Consulta e comentario de noticias xornalísticas e artigos de divulgación científica en publicacións dixitais.
- Visitas a páxinas Web de organizacións e entidades relacionadas coa Ciencia.
- Simulacións de prácticas de laboratorio.
- Utilización de modelos científicos interactivos.

Páxinas que se recomendan ao alumnado:

- <http://fai.unne.edu.ar/biologia>
- <https://sites.google.com/site/practicabioygeobierzo/enlaces>
- <https://multiblog.educacion.navarra.es/metayosa/2012/04/28/laboratorios-virtuales/>
- <http://bionova.org.es/index.htm>
- [http://iespoetaclaudio.centros.educa.jcyl.es/sitio/index.cgi?wid\\_seccion=19](http://iespoetaclaudio.centros.educa.jcyl.es/sitio/index.cgi?wid_seccion=19)
- <https://biologia-geologia.com/biologia2/index.html>
- <https://www.alertatierra.com/>
- <https://iesodetieta.educarex.es/web/asignaturas/webciencias/enlasesciencias.html>
- <http://recursostic.educacion.es/ciencias/biosfera/web/>
- <https://www.um.es/molecula/indice.htm>
- <https://www.cellsalive.com/>
- <http://www.biorom.uma.es/indices/index.html>
- <https://mmegias.webs.uvigo.es/>
- <https://www.nasa.gov/>
- <https://ozonewatch.gsfc.nasa.gov/>
- <http://www.meteosat.com/>
- <http://www.ign.es/web/ign/portal/sis-area-sismicidad>

## **19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

A programación debe ser flexible, axeitada a cada curso e revisable cada ano en función do alumnado e dos resultados. Na súa avaliación participarán o profesorado do Departamento e realizaranse consultas aos alumnos/as mediante cuestionarios de resposta aberta.

### **19.1. REVISIÓN**

A revisión da programación levarase a cabo da seguinte maneira:

- **Principio de curso:** a avaliación inicial ofrecerá datos valiosos para modificar os aspectos da programación que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.
- **Cada avaliación:** despois de coñecer os resultados do alumnado, farase unha valoración do desenvolvemento da Programación e planificarase as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.  
Revisarase se a metodoloxía é eficaz para acadar os obxectivos e se nos procedementos e instrumentos de avaliación utilizados é necesario introducir algunha modificación. Teremos tamén en conta se as medidas e as actividades de reforzo adoptadas para atender a diversidade son as adecuadas.
- **Fin de curso:** avaliaremos a programación didáctica, tendo en conta o grao de cumprimento e a valoración dos resultados das avaliacións finais ordinarias do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa mesma. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do seguinte curso.

O resultado desta avaliación quedará reflectido na memoria final do curso do Departamento.

## 19.2. AVALIACIÓN

Para a avaliación da programación consideraranse os seguintes indicadores de logro:

INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN		Escala		
		1	2	3
1	O deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo foi adecuado..			
2	A secuenciación e temporalización das unidades didácticas, temas ou proxectos foi adecuada.			
3	O grao mínimo de consecución fixado para cada estándar foi adecuado.			
4	Vinculouse cada estándar a un ou varios instrumentos de avaliación.			
5	Seguíronse estratexias metodolóxicas comúns en todo o departamento.			
6	Os materias didácticos empregados resultaron adecuados.			
7	Os libros de texto resultaron adecuados.			
8	As probas de avaliación inicial foron adecuadas.			

9	Respectáronse os criterios, instrumentos e pautas establecidas para o proceso de avaliación.			
10	Respectáronse os procedementos e os criterios de cualificación			
11	Respectáronse os criterios establecidos para o seguimento e a recuperación das materias pendentes.			
12	As probas obxectivas propostas resultaron adecuadas, tendo en conta o peso dos estándares para cada curso.			
13	Adoptáronse as medidas de atención á diversidade programadas cando foron necesarias.			
14	Deuse a coñecer á comunidade educativa a información básica relativa á programación didáctica, seguindo o procedemento establecido no centro para garantir a súa publicidade.			
15	Informeuse ao alumnado procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación, e, de ser o caso, de outras informacións básicas da programación.			
16	Contribuíuse desde a materia ao Plan Lector do centro.			
17	A programación contribuíu adecuadamente á incorporación das TIC's no proceso de ensino - aprendizaxe.			
18	O grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas foi o adecuado.			
19	O plan de seguimento e revisión da programación ao longo do curso foi adecuado.			
<b>Escala: 1: logro BAIXO - 2: logro MEDIO - 3: logro ALTO</b>				

## 20. PROCEDIMENTO DE INFORMACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO

Cada profesor/a do departamento, ao inicio do curso proporcionará ao seu alumnado a información básica relativa á programación. Esta información básica incluírá os obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada materia, os mínimos esixibles para obter unha valoración positiva, os criterios de cualificación e os procedementos de avaliación da aprendizaxe.

Tanto o alumnado como ás súas familias poderán tamén acceder a esta información a través da páxina web do centro.

## 21. ANEXOS

### 21.1. ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS NO SUPOSTO DE DOCENCIA SEMIPRESENCIAL

No contexto xerado pola Covid-19, contéplase o supostos de semipresencialidade ou educación a distancia, en caso de empeoramento da situación sanitaria actual. Este sistema sería o que se podería utilizar no caso de illamento ou corentena dun alumno ou dunha aula. Neste caso o alumnado infectado que se encontre na casa con sintomatoloxía leve, que lle permita seguir co proceso de ensino – aprendizaxe, así como aquel que se encontre en corentena ou illamento, deberán continuar o estudo dende as súas casas a través da aula virtual do centro.

Para elo as liñas metodolóxicas a seguir serán:

- Uso de diapositivas explicativas da materia ou presentacións interactivas que se subirán á plataforma de forma diaria ou semanalmente.
- Vídeos e clases gravadas compartidas en Drive a través dun enlace colgado na aula virtual. O alumnado desta maneira, mentres non poida acudir ao centro, poderá visualizalo, tantas veces como precise, para a posterior elaboración de cuestionarios con actividades de desenvolvemento.
- O alumnado presentará ditos cuestionarios así como as tarefas ou outras actividades que se lles propoñan na aula virtual dentro dunha datas establecidas.
- A resolución de dúbidas que se poidan formular, así como a corrección conxunta das producións do alumnado farase preferentemente mediante videoconferencias programadas.

## **21.2. ADAPTACIÓNS METODOLÓXICAS NO SUPOSTO DE DOCENCIA NON PRESENCIAL**

No suposto dunha docencia non presencial, debida a que as condicións sanitarias levaran ao peche do Centro durante un tempo; ademais de todo o recollido no apartado anterior, poderíanse formular tarefas de investigación en grupo, tal e como está previsto na modalidade presencial, pero usando plataformas que permitan o traballo colaborativo a distancia, así como modificación das probas escritas.

## **21.3. SISTEMA DE CUALIFICACIÓN NO SUPOSTO DE ENSINO NON PRESENCIAL**

Si durante o presente curso tiveramos que, por mor dun empeoramento das condicións sanitarias, recorrer á modalidade de ensino semipresencial ou non presencial; o sistema de cualificación podería verse modificado e seguiríanse as directrices de actuación que a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa establece nese momento.



#### 21.4. EXEMPLO RÚBRICA AVALIACIÓN CADERNO DO ALUMNADO

	Excelente 9/10	Satisfactorio 7/8	Aceptable 5/6	Insuficiente 3/4	Sen realizar 1/2
Realiza as actividades no tempo requirido.	Sempre	A maioría das veces	A metade das veces	Ás veces	Case nunca
Distingue os enunciados das respostas e dos distintos apartados.	Sempre	A maioría das veces	A metade das veces.	Ás veces	Case nunca
Realiza as actividades correctamente utilizando unha linguaxe científico-tecnolóxica de acordo ao seu nivel.	Sempre	A maioría das veces	A metade das veces.	Ás veces	Case nunca
Exprésase con fluidez, riqueza de vocabulario e sen faltas de ortografía.	Sempre	A maioría das veces	A metade das veces.	Ás veces	Case nunca
Inclúe a totalidade dos conceptos explicados polo profesor/a de xeito ordenado e diferenciando claramente as anotacións dos exercicios ou tarefas.	Sempre	A maioría das veces. Realiza un 70-80%	A metade das veces. Realiza o 50%	Ás veces. Menos do 50%.	Case nunca

#### 21.5. EXEMPLO RÚBRICA AVALIACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN, GRUPAIS OU INDIVIDUAIS

	Excelente 9/10	Satisfactorio 7/8	Aceptable 5/6	Insuficiente 3/4	Sen realizar 1/2
A presentación está traballada e é visualmente atractiva	Sempre	A maioría das veces	A metade das veces	Ás veces	Case nunca
Amosa dominio do tema con ampla argumentación e detalle.	Sempre	A maioría das veces	A metade das veces.	Ás veces	Case nunca
Exprésase na escrita con fluidez, riqueza de vocabulario e sen faltas de ortografía.	Sempre	A maioría das veces	A metade das veces.	Ás veces	Case nunca
Domina o vocabulario científico e expón o seu traballo oralmente de forma clara e fluída.	Sempre	A maioría das veces	A metade das veces.	Ás veces	Case nunca
Utiliza apoio audiovisual axeitado e expón a presentación captando o interese dos seus interlocutores.	Sempre	A maioría das veces.	A metade das veces.	Ás veces.	Case nunca

### 21.6. RÚBRICA ACTIVIDADE REALIZADA EN EQUIPO CON EXPOSICIÓN ORAL

	Excelente 3	Bo nivel 2	Aceptable 1	Insuficiente 0	Ptos
<b>Presentación</b>	Presentación moi traballada e visualmente atractiva.	A presentación é correcta e agradable.	Presentación correcta e suficiente. Pouco atractiva.	Pobremente presentado. Sen gráficos, imaxes ou táboas que son necesarios.	
<b>Contido</b>	Amosa dominio do tema, ampla argumentación e detalle.	Demostra correcta comprensión, suficiente argumentación e detalle.	Demostra que entendeu e traballou suficientemente. Xustifícase e detállase minimamente.	Contido incorrecto ou claramente pobre e insuficiente.	
<b>Expresión</b>	Expresión coidada, elegante e precisa, sen erros gramaticais nin ortográficos.	Corrección na expresión e bastante precisión, sen erros lingüísticos.	Compréndese a exposición, non hai erros lingüísticos importantes, pero non está coidada a expresión.	Incoherente ou con erros ortográficos ou gramaticais importantes.	
<b>Exposición oral</b>	Ton de voz e linguaxe que captan o interese da audiencia. Emprega apoio audiovisual adecuado.	Fluída, o público amosa interese, aínda que se podería mellorar a expresividade. Emprega apoio audiovisual.	Clara pero pouco interesante. Pobre expresividade. O apoio audiovisual é escaso.	Pouco clara, inexpresiva e difícil de seguir. Apoio audiovisual moi deficiente ou inexistente.	
<b>CUALIFICACIÓN DO TRABALLO CON EXPOSICIÓN ORAL (10·Total/12)</b>					
<b>CUALIFICACIÓN DO TRABALLO SEN EXPOSICIÓN ORAL (10·Total/9)</b>					